

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 23 DE AGOSTO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e tres de agosto de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as nove horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 20 de agosto de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### 2.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN RAÑESTRAS. CONCELLOS DE RODEIRO E DOZÓN”

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 20 de agosto de 2024, adoptou o acordo de inicio do expediente de contratación da obra

denominada “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN RAÑESTRAS. CONCELLOS DE RODEIRO E DOZÓN”. En virtude do acordado, e de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), incorporáronse ao expediente os seguintes documentos:

- Acta de trazado previo, asinada con data 19 de agosto de 2024.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, informado de xeito favorable pola Secretaría municipal.
- Certificación de existencia de crédito expedida pola Intervención municipal.

Xa que logo, debidamente informados e de conformidade co establecido no artigo 117 da LCSP, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da obra de “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN RAÑESTRAS. CONCELLOS DE RODEIRO E DOZÓN”.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación.

Terceiro.- Aprobar o correspondente gasto, por importe de 58.749,78 €, con cargo á partida correspondente do orzamento xeral en vigor.

Cuarto.- Iniciar o procedemento de adxudicación da obra, publicando o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello, de conformidade co disposto no artigo 135 e concordantes da LCSP.

### **3.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “REFORZO E PAVIMENTACIÓN EN RÚAS E VIAIS DAS PARROQUIAS DO AZ, GUILLAR, SANTA MARIÑA DE PESCOSE, O SALTO, CAMBA, CARBOENTES, ASPERELO E ARNEGO”**

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 20 de agosto de 2024, adoptou o acordo de inicio do expediente de contratación da obra denominada “REFORZO E PAVIMENTACIÓN EN RÚAS E VIAIS DAS PARROQUIAS DO AZ, GUILLAR, SANTA MARIÑA DE PESCOSE, O SALTO, CAMBA, CARBOENTES, ASPERELO E ARNEGO”. En virtude do acordado, e de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), incorporáronse ao expediente os seguintes documentos:

- Acta de trazado previo, asinada con data 27 de marzo de 2024.
- Informe técnico de non división en lotes emitido pola facultativa redactora do proxecto técnico en data 16 de agosto de 2024.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, informado de xeito favorable pola Secretaría municipal.
- Certificación de existencia de crédito expedida pola Intervención municipal.

Xa que logo, debidamente informados e de conformidade co establecido no artigo 117 da LCSP, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da obra de “REFORZO E PAVIMENTACIÓN EN RÚAS E VIAIS DAS PARROQUIAS DO AZ, GUILLAR, SANTA MARIÑA DE PESCOSE, O SALTO, CAMBA, CARBOENTES, ASPERELO E ARNEGO”.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación.

Terceiro.- Aprobar o correspondente gasto, por importe de 479.277,15 €, con cargo á partida correspondente do orzamento xeral en vigor.

Cuarto.- Iniciar o procedemento de adxudicación da obra, publicando o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello, de conformidade co disposto no artigo 135 e concordantes da LCSP.

#### **4.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DOS PREMIOS DA “I GALA DO DEPORTE DE RODEIRO”**

O Sr. concelleiro-delegado de Deportes presenta durante o desenvolvemento da sesión e para a súa aprobación por este órgano unhas bases reguladoras dos premios da “I gala do deporte de Rodeiro”, a desenvolver no día de mañá sábado 24 de agosto do corrente. Manifesta que impulsa esta iniciativa coa finalidade de recoñecer e promover a actividade deportiva e os valores que este transmite: esforzo, superación, constancia, igualdade, respecto, deportividade, solidariedade e compañeirismo, éxito persoal e colectivo, entre moitos outros. Teñen previsto premiar anualmente a aqueles deportistas, particulares, entidades, clubs, etc. do municipio e vinculados a el, que destacaron de forma especial ao longo da última tempada. O principal obxectivo deste acto é recoñecer publicamente o esforzo, a dedicación e a entrega e, en definitiva, os valores que o deporte comporta, así como servir de espello para animar aos máis pequenos e á poboación en xeral coa practica do deporte.

Polo Sr. secretario municipal, no exercicio das atribucións de asesoramento legal que a Lei lle confire, manifesta que xa puxo de manifesto ante a Concellería promotora que dita iniciativa padecía de importantes eivas xurídicas que dificultaban a súa adecuación legal e solicitou expresamente o adiamento da mesma co propósito de adaptar o seu contido á normativa de aplicación. Nin o informado nin o adiamento solicitado foron atendidos polo responsable da dita Concellería. As principais obxeccións, sen prexuízo da emisión dun informe máis completo se así o solicita a Alcaldía, son someramente as seguintes:

1.- Non se trata da entrega duns premios de competicións e/ou concursos nos que os/as beneficiarios/as optan libremente aos mesmos a través da súa participación. O proposto encádrase no concepto de “distincións” polo desempeño de méritos e valores deportivos que o

Concello outorga a determinadas persoas e institucións. Tratándose dunha distinción municipal, que representa a todos/as os veciños/as, o órgano competente para outorgalas é o Pleno municipal, segundo dispón o artigo 50, apartado 24ª do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

2.- Os requisitos e trámites necesarios para o seu outorgamento deben determinarse a través dun regulamento especial, xa sexa incluído nun regulamento xeral de honras e distincións ou a través dun regulamento específico para este tipo concreto de distincións. En calquera caso, o órgano competente para a aprobación do regulamento é igualmente o Pleno municipal, polos trámites establecidos no artigo 49 da Lei de Bases de Réxime Local.

3.- As bases presentadas, amais de padecer incoherencias e outras eivas, afástanse do cumprimento do principio de seguridade xurídica de aplicación ás actuacións das Administracións Públicas: ausencia de previsión de presentación de candidaturas, necesidade de acreditación formal dos méritos dos/as distinguidos/as, a composición do tribunal non se axusta as previsións legais por canto se obvian as persoas que o compoñen, etc.

4.- En virtude do manifestado e a xuízo do informante, o procedemento xunto co resultado do mesmo que son as distincións que se entreguen, incorren en vicio de nulidade de pleno dereito en aplicación das causas establecidas nos apartados b) e e) do artigo 47 da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Porén o informado, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras dos premios da “I Gala do deporte de Rodeiro”, co contido íntegro que deseguido se sinala:

BASES REGULADORAS DOS PREMIOS DA “I GALA DO DEPORTE DE RODEIRO” a celebrarse no campo de fútbol da Raña.

#### 1. OBXECTO

A Concellería de Deportes impulsa esta iniciativa coa finalidade de recoñecer e promover a actividade deportiva e os valores que este transmite: esforzo, superación, constancia, igualdade, respecto, deportividade, solidariedade e compañeirismo, éxito persoal e colectivo, entre moitos outros.

Polo que temos previsto premiar anualmente a aqueles deportistas, particulares, entidades, clubs, etc. do municipio e vinculados a el, que destacaron de forma especial ao longo da última tempada.

O principal obxectivo deste acto é recoñecer publicamente o esforzo, a dedicación e a entrega e, en definitiva, os valores que o deporte comporta, así como servir de espello para animar aos máis pequenos e á poboación en xeral coa práctica do deporte.

#### 2.- CATEGORÍA DOS PREMIOS

As categorías dos recoñecementos serán as que se detallan a continuación:

- Mérito deportivo

Por cada equipo ou club federado local recoñecerase a un deportista de Rodeiro ou que formen parte da actividade deportiva ofertada por algún club ou asociación local que destaque pola súa destreza deportiva.

- Valores Deportivos

Por cada equipo ou club federado local recoñecerase a un deportista de Rodeiro ou que formen parte da actividade deportiva ofertada por algún club ou asociación local que, no desempeño da actividade deportiva mostraran unha actitude positiva respecto aos demais e o entorno. Destacando o compromiso, o respecto, a bondade, a tolerancia e a amizade.

- Histórico

Recoñecer a persoas que coa súa labor e entrega contribuíron coa promoción da practica deportiva.

- Apoio ao Deporte

Premiar a persoas, empresas, entidades deportivas ou de outro tipo que colaboren e axuden cos seus medios humanos, materiais ou económicos na promoción do deporte en toda a súa extensión.

3.- XURADO

O xurado esta formado por un membro de cada entidade deportiva que se detalla a continuación mais o Concelleiro Delegado de Deportes que será o presidente, o cal terá voz sen voto.

Presidente: Concelleiro Delegado de Deportes

Secretario: Asoc. Recreativa CF

Vocal: Balonmán Rodeiro

Vocal: Escola de Fútbol Sala Rodeiro

Vocal: Veteráns Rodeiro CF

4.- CALENDARIO

O xurado ten de prazo ata o 24 de agosto as 12 horas para redactar a acta onde se describan as categorías cos datos da persoa ou entidade a recoñecer.

O día 24 de agosto a partires das 18h farase entrega dos recoñecementos.

5.- CUMPRIMENTO DAS BASES

As normas recollidas nas bases da Gala do Deporte deberán ser seguidas por todos os membros do Xurado, debendo o Secretario deste órgano velar polo seu cumprimento. Así mesmo, aquelas outras situacións que se poidan producir e non estean contempladas nas bases resolveranse segundo o criterio do Xurado.

Segundo.- Aprobar un gasto por importe de MIL DOUSCENTOS EUROS (1.200,00 €) con cargo á partida orzamentaria 340/226 do orzamento prorrogado en vigor.

## ***5.- CONCESIÓN DA CUARTA QUENDA DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024***

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 24 de xaneiro do corrente, foi solicitada á Deputación de Pontevedra a cantidade de SETE MIL EUROS (7.000,00 €) para gastos correntes e TRES MIL OITOCENTOS EUROS (3.800,00 €) para investimentos, con destino ás axudas básicas de emerxencia para persoas maiores de idade empadroadas no Concello que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios municipais e que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que se solicita a

axuda, ao abeiro das Bases reguladoras publicadas no BOP núm. 15, correspondente ao día 22/01/24. Con data 15 de marzo do corrente a Presidencia da Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello as axudas solicitadas (RE núm. 382, do 25/03/24).

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe-proposta emitido pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, con data 21/08/24, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a cuarta quenda de axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra a favor dos/as veciños/as que deseguido se relacionan e coa tipoloxía, contías e destinos que se especifican:

#### Gastos correntes

BENEFICIARIO/A	PASAPORTE	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
████████████████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	300,00 €	Uso da vivenda (alugueiro)
████████████████████	██████	Loureiro – Santa Baia de Camba	160,00 €	Pagamento de tratamentos de odontoloxía

Segundo.- Autorizar o anticipo do 100 % das axudas concedidas.

Terceiro.- Os gastos subvencionados deben ser efectuados con anterioridade ao día 31 de decembro de 2024. Os/as beneficiarios/as deberán presentar as facturas ou xustificantes dos gastos polo importe da subvención concedida no Departamento de Servizos Sociais do Concello ata o día 15 de febreiro de 2025. A non presentación das mesmas dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro das axudas outorgadas ao efecto. Asemade, e de non xustificarse a totalidade das cantidades anticipadas, deberá reintegrarse a parte do importe non xustificado.

## 6.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 6.546,48 €  
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de xullo de 2024, s/recibos.
- NATURGY IBERIA S.A. 2.164,92 €  
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de xullo de 2024, s/recibos.
- MARÍA TERESA BOUZAS RODRÍGUEZ 95,80 €  
Honorarios por expedición de poder notarial para pleitos, s/factura núm. 0000787 A2/2024.
- EA INGENIERÍA, ARQUITECTURA, URBANISMO SOSTENIBLE S.L. 16.110,16 €  
Honorarios por redacción de proxecto técnico de obra incluída no Plan +Provincia 2024, s/factura núm. 24/15 (FACe).
- CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA 786,00 € E 2.420,00 €  
Por representación dos espectáculos “*Home orquestra*” e “*Molto Barroco*” dentro da programación Cultura no Camiño 2024, s/facturas núm. 4962024 e 4912024 (FACe).
- REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. 1.176,12 €  
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 0041284967 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas vinte minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)